



“

Neste **SM**,
o Concello de Oleiros
reafirma o seu
**compromiso coa
memoria histórica en
clave feminista, coa
dignidade das
superviventes e coa
defensa dos dereitos
humanos. Porque
recuperar e visibilizar
o que aconteceu é un
acto de denuncia e
xustiza, e tamén unha
ferramenta de
prevención fronte ás
violencias.**



Semente de vencer



Concello de  Oleiros

Día Internacional das Mulleres



Semente de vencer

6 DE MARZO /

Ás 19:30h

Auditorio da Fábrica



Faladoiro

**MEMORIA,
DIGNIDADE E
XUSTIZA:**

O FRANQUISTA
«PATRONATO DE
PROTECCIÓN A LA
MUJER»

• Apertura de portas ás 19:00h. Entrada libre ata completar aforo •

QUE FOI O PATRONATO DE PROTECCIÓN A LA MUJER?

Foi unha institución dependente do Ministerio de Xustiza que funcionou legalmente entre 1941 e 1985.

Presentouse como un organismo para “protexer” e “moralizar” as mozas, e **na práctica foi un aparato de control social e represión contra nenas e mulleres consideradas “caídas” ou “en risco de caer” no vicio:** rebeldía, pobreza, maternidade fóra do matrimonio, orientación sexual non normativa, relacións consideradas “inmorais” ou, mesmo, ser vítima de violencia sexual.

A súa principal medida era o **internamento forzoso en centros pechados**, na maioría dos casos rexentados por congregacións relixiosas, **con réxime carcerario, censura e castigos, adoutramento relixioso e explotación laboral**. O control do corpo e da sexualidade foi central no tipo de represión.

PRESENZA EN GALICIA E NA CORUÑA

En Galicia, e de forma significativa na provincia da Coruña, o Patronato contou con xuntas e redes de colaboración con autoridades civís, policiais e relixiosas.

Na cidade da Coruña funcionaron centros vinculados ao Patronato, entre eles os rexentados polas Adoratrices e polas Relixiosas de María Inmaculada (tamén se documenta actividade das Oblatas). A investigación local sinala que, **entre 1941 e 1965, producíronse 490 internamentos na provincia da Coruña** (cifra mínima coñecida a partir de memorias e documentación conservada).

A reconstrución histórica é difícil pola destrución e desaparición masiva de expedientes na Transición e anos posteriores, unha perda que afecta ao dereito á verdade e á reparación.

Poñentes

VENRES

6

AUDITORIO | MARZO |
A FÁBRICA | ÁS 19:30H



Consuelo García del Cid Guerra

*Escritora, investigadora e **supervivente do Patronato**. Referente na recuperación desta memoria e na articulación dunha rede de testemuños.*

Loli Gómez Benito

***Supervivente do Patronato**. O seu relato visibiliza a violencia institucional, a revitimización, a violencia sexual e a realidade das maternidades no Patronato.*

Paca Blanco Díaz

*Activista feminista, ecoloxista e **supervivente do Patronato**. Unha vida de resistencia e compromiso político.*

Salomé da Torre

*Filla, neta e sobriña de mulleres represaliadas polo franquismo e internadas no Patronato. O seu activismo visibiliza o **impacto interxeracional desa violencia** e reivindica a memoria feminista como ferramenta de verdade, xustiza e reparación.*

COA COLABORACIÓN DE:

Belén López Cillero

*Escritora e investigadora. Estudou o Patronato con foco na **xunta provincial coruñesa**, a partir de expedientes, memorias e testemuños.*

DINAMIZADO POR:

Mayte González Trillo

*Xornalista en **Radio Coruña Cadena SER**.*